Aqueles que, non estando entre os anteriores, sexan incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia polo seu notable valor cultural. Estes bens, así como o seu contorno de protección, serán incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

2. Segundo a súa natureza, os bens declarados de interese cultural e os bens catalogados poden ser inmoables, mobles ou inmateriais.
3. A declaración de ben de interese cultural ou a catalogación dun ben inmoable afecta tanto ao solo coma o subsolo.
4. Os bens inmoables integráranse nalgunha das categorías recollidas no artigo 10 da lei 5/2.016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

O CATÁLOGO

1. O Catálogo é un instrumento complementario do Plan Especial que ten por obxecto identificar os elementos que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnolóxicos, paisaxísticos, antropolóxicos, científicos ou técnicos, se considera conveniente conservar, mellorar ou recuperar.
2. O Catálogo inclúe tódolos bens inmoables do patrimonio cultural, tanto os inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia como no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia situados no ámbito do Plan Especial, así como aqueles que indique motivadamente a consellería competente en materia de patrimonio cultural ou a entidade local correspondente.

CAPÍTULO 2. RÉXIME XERAL DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN

NIVEIS DE PROTECCIÓN DOS BENS

1. Os niveis de protección dos bens catalogados clasifícanse en:

- a. Protección integral: conservación íntegra dos bens e de tódolos seus elementos e compoñentes nun estado o máis próximo posible ao orixinal dende a perspectiva de tódolos valores culturais que conforman o interese do ben, respectando a súa evolución, transformación e contribucións ao longo do tempo.
- b. Protección estrutural: conservación dos elementos máis significativos e relevantes dos bens, así como daqueles que resulten máis característicos tipoloxicamente ou que sexan obxecto dunha concreta apreciación cultural.
- c. Protección ambiental: conservación dos aspectos máis visibles e evidentes dos bens que, malia non presentaren un interese individual destacable, conforman o ambiente dun lugar de forma homoxénea e harmoniosa.

2. Nos bens poderán definirse na súa delimitación diferentes niveis de protección nas súas partes integrantes.

3. O contorno de protección está constituído polos espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar á súa integridade, apreciación ou estudo.

RÉXIME DE AUTORIZACIÓNS NOS BENS INCLUÍDOS NO CATÁLOGO E NOS SEUS CONTORNOS DE PROTECCIÓN

1. Tódolos plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural, segundo o establecido no artigo 34 da LPCG.

2. As intervencións que se pretendan realizar nos bens incluídos no Catálogo terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.
3. Serán obxecto de licenza municipal directa, sen prexuízo do cumprimento das esixencias e obtención das autorizacións que deriven especificamente da protección arqueolóxica:
 - a. As actuacións que non afecten á envolvente exterior dos edificios incluídos nos ámbitos dos bens de carácter territorial das categorías do artigo 10 da LPCG, ou nos contornos de protección dos inmobles singulares declarados ben de interese cultural ou catalogados, exista ou non Plan Especial de Protección.
 - b. As intervencións nos contornos de protección dos inmobles singulares declarados ben de interese cultural ou catalogados, ou con protección ambiental ou estrutural, consistentes en actuacións no interior, carpintarías exteriores, acabados de fachada ou cambios de cuberta, sempre que non afecten ós valores culturais nin os seus elementos especificamente protexidos.
 - c. As actuacións puntuais de mantemento ou uso ordinario de moi escasa entidade técnica e construtiva, xustificadas polo deterioro material dos elementos sobre os que se propón a intervención, cun alcance moi concreto e parcial, e que requiran unha rápida execución pola ameaza que puidera supoñer para a súa conservación ou apreciación, sempre que se manteñan ou respecten os materiais e sistemas construtivos orixinais.
4. Nas intervencións que se pretendan realizar no contorno de protección dos bens incluídos no Catálogo, sempre que sexan coherentes cos valores xerais do contorno, non será necesario obter a autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural previa ao outorgamento da licenza, agás nos casos seguintes:
 - a. Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional.
 - b. Intervencións de calquera tipo que se manifesten cara o espazos exterior público ou privado das edificacións existentes.
 - c. Actuacións que afecten a estrutura parcelaria, os elementos configuradores característicos da estrutura territorial tradicional, os espazos libres e a topografía característica do ámbito, incluídos os proxectos de urbanización.
 - d. A implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais.
 - e. As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.
5. Cando, para a realización de calquera tipo de obra que afecte a un monumento, conxunto histórico ou xacemento ou zona arqueolóxica incluído no Catálogo, o organismo competente en materia de patrimonio cultural ou figura de planeamento vixente determinen a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas, o promotor deberá presentar un proxecto de actividade arqueolóxica que conteña un programa detallado e coherente, que acredite a conveniencia e interese científico da intervención e que avale a idoneidade técnica de quen asuma a dirección.
6. As definicións das actuacións ou modelos de intervención nos bens serán as contempladas no artigo 40 da LPCG.

ACTUACIÓNS AUTORIZABLES SEGUNDO OS NIVEIS DE PROTECCIÓN

1. Nos bens con protección integral poderanse autorizar as seguintes actuacións:
 - a. As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación e restauración.
 - b. As de rehabilitación, sempre que o proxecto de intervención garanta a conservación dos valores culturais protexidos e que se trate de adaptacións necesarias para adecuar o uso orixinal aos condicionantes actuais de conservación, seguridade, accesibilidade, confortabilidade ou salubridade, ou para adecuar o ben a un novo uso compatible cos seus valores culturais que garanta a súa conservación e o acceso público a el.
 - c. As de ampliación en planta, no marco dunha actuación de rehabilitación con carácter complementario a esta, sempre que resulte imprescindible para desenvolver o uso proposto e se resolvan como volumes diferenciados.
 - d. Excepcionalmente, poderán permitirse actuacións de reconstrución, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais cuxa autenticidade e posición orixinal se poidan probar.
2. Nos bens con protección estrutural poderanse autorizar as seguintes actuacións:
 - a. As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación, restauración e rehabilitación.
 - b. As de reestruturación puntual ou parcial, sempre que no proxecto de intervención se xustifique a súa necesidade de forma específica e documentada, e se se reducen a un alcance limitado sobre os elementos irrecuperables, que deberán ser substituídos por elementos análogos ou coherentes cos orixinais.

- c. As de ampliación en planta ou en altura, no marco dunha actuación de rehabilitación con carácter complementario a esta, sempre que resulte imprescindible para desenvolver o uso proposto e que no seu deseño se conserven a súa concepción e o seu significado espacial.
 - d. Excepcionalmente, poderán permitirse actuacións de reconstrución, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais cuxa autenticidade e posición orixinal se poidan probar.
 - e. Calquera actuación no interior cando esta non afecte ós elementos ou características singulares do edificio e sempre que se respecten:
 - ✓ A imaxe exterior do edificio
 - ✓ A posición dos forxados, excepto cando a altura libre entre forxados da edificación sexa inferior a 2,40 m.
 - ✓ A estrutura do parcelario orixinal
 - f. Poderán permitirse os baleirados parciais que non afecten ós elementos que han xustificado a necesidade de protección estrutural.
 - g. Poderán permitirse os baleirados totais da edificación cando os elementos que han xustificado a necesidade de protección estrutural sexan exclusivamente de fachada.
 - h. Sempre que se manteña a referencia parcelaria orixinal poderán permitirse as actuacións contidas no artigo 43 da Lei 1/ 2.019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
3. Nos bens con protección ambiental poderanse autorizar as seguintes actuacións:
- a. As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación, restauración, rehabilitación e reestruturación total ou parcial.
 - b. As de ampliación, sempre que non supoñan unha deterioración ou destrución dos valores obxecto da súa protección.
 - c. Calquera actuación no interior, sempre que se respecten:
 - ✓ A imaxe exterior do edificio
 - ✓ A posición dos forxados, excepto cando a altura libre entre forxados da edificación sexa inferior a 2,40 m.
 - ✓ A estrutura do parcelario orixinal
 - d. As demolição e reforma das fachadas e dos elementos visibles, segundo o disposto no artigo 41 da Lei 1/ 2.019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
4. O organismo competente en materia de patrimonio cultural poderá, excepcionalmente, autorizar outro tipo de intervencións nos niveis de protección, sempre que no proxecto de intervención se xustifique a súa conveniencia en prol dun maior beneficio para o conxunto do patrimonio cultural de Galicia.
5. A reconstrución dun ben destruído por conflitos, catástrofes naturais ou causas intencionadas ou fortuítas poderá autorizarse excepcionalmente por razóns de interese social, cultural ou educativo.
6. Nos ámbitos de protección dos elementos recollidos no Catálogo, o organismo competente en materia de patrimonio cultural, no caso de que se poidan poñer en perigo os valores culturais obxecto de protección, poderá prohibir calquera tipo de construción.

PROXECTO DE INTERVENCIÓN E MEMORIA FINAL DE EXECUCIÓN

- 1. As actuacións sobre os bens incluídos no Catálogo que excedan as de mantemento requirirán a elaboración dun proxecto de intervención, así como dunha memoria final de execución, segundo o procedemento establecido no artigo 43 da LPCG.
- 2. Tras finalizar a intervención, elaborárase unha memoria final que conterá, polo menos, os seguintes documentos:
 - ✓ Descrición pormenorizada da intervención realizada, en cada unha das súas fases, con especificación dos tratamentos e produtos empregados.
 - ✓ Documentación gráfica de todo o proceso.
- 3. Estarán exentos da elaboración do proxecto de intervención as actuacións de emerxencia acreditadas mediante unha proposta de intervención debidamente xustificada, que se limitará ós labores estritamente necesarios para evitar as causas urxentes da súa deterioración.

Unha vez finalizada a actuación de emerxencia o propietario deberá entregar unha memoria asinada por técnico competente na que se recolla todo o proceso da intervención.

CRITERIOS DE INTERVENCIÓN NOS BENS E NOS SEUS CONTORNOS DE PROTECCIÓN

- 1. As actuacións sobre os bens incluídos no Catálogo seguirán os seguintes criterios:

- a. Salvagarda dos seus valores culturais e conservación, mellora e, de ser o caso, utilización adecuada e sustentable.
 - b. Respecto polas súas características esenciais e polos aspectos construtivos, formais, volumétricos, espaciais e funcionais que os definen, procurando sempre que a intervención sexa mínima nos bens artísticos.
 - c. Conservación das contribucións de tódalas épocas existentes no ben. Poderá ser autorizada, excepcionalmente, a eliminación dalgunha contribución de épocas pasadas no caso de que supoña unha degradación comprobada do ben e de que a dita eliminación sexa necesaria para permitir a súa adecuada conservación e a súa mellor interpretación histórica e cultural, debendo documentar debidamente as partes eliminadas.
 - d. Preferencia pola utilización de técnicas e materiais tradicionais.
 - e. Compatibilidade dos materiais, produtos e técnicas empregadas na intervención coas propias do ben e os seus valores culturais e pátinas históricas.
 - f. Discernimento da adición de materiais e técnicas empregados, evitando as adicións miméticas que falseen a súa autenticidade histórica.
 - g. Reversibilidade das accións de forma que poida recuperarse o estado previo á intervención, en especial nas actuacións de conservación e recuperación.
 - h. Compatibilidade do seu uso coa conservación dos valores que motivaron a súa protección.
 - i. Non se utilizarán ou aplicarán técnicas e materiais agresivos coas pátinas de valor cultural e cos materiais orixinais ou incompatible coa conservación dos bens.
2. As actuacións nos contornos de protección dos bens incluídos no Catálogo deben resultar harmoniosas coas condicións características do ámbito, procurando a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación adecuada do ben. En particular, seguirán os seguintes criterios específicos:
- a. Mantemento da topografía orixinal do contorno, evitando os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da mesma.
 - b. Compatibilidade cos elementos configuradores da estrutura territorial tradicional (camiños, muros de peche, etc.).
 - c. Utilización de materiais, solucións construtivas e características dimensionais e tipolóxicas coherentes co ámbito.
 - d. Mantemento da estrutura e a organización espacial do contorno, coa conservación xeral das aliñacións e rasantes.
 - e. Integración e compatibilidade dos usos e costumes tradicionais e característicos configuradores do ambiente cos de nova implantación.
 - f. Implantación de actividades complementarias compatibles cos valores culturais dos bens que garantan a continuidade do seu mantemento co establecemento de novos usos.
3. As solucións empregadas para o mobiliario urbano, materiais, acabados, etc., dos proxectos a desenvolver no ámbito do plan especial serán coherentes cos criterios establecidos na LPCG nas intervencións nos bens e nos contornos de protección, naquelas áreas nas que sexa de aplicación.
4. Tódalas árbores de porte significativo existentes nos espazos libres públicos, nas parcelas dos bens catalogados ou nos contornos de protección dos bens incluídos no Catálogo deberán conservarse e protexerse. As podas serán acordes ao recomendado para a súa especie.

CAPÍTULO 3. RÉXIME ESPECÍFICO DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN

BENS DE INTERESE CULTURAL

O réxime de protección dos Bens de Interese Cultural será o recollido no Título III da Lei LPCG.

BENS CATALOGADOS

O réxime de protección dos bens catalogados será o recollido no Título IV da LPCG.

ACTUACIÓNS SOBRE O PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

Os criterios que deben seguir as actuacións sobre o patrimonio arquitectónico cumprarán o recollido no artigo 89 da LPCG.

MEDIDAS PREVENTIVAS

OBJECTO

O obxectivo do PEID é a implantación de dotacións previstas no Plan Xeral dentro do solo urbano consolidado de A Pobra de San Xiao. No ámbito revalorizarase os elementos que forman parte do Patrimonio Cultural dotando de novos usos dotacionais un entorno abandonado.

A pesar de que non se identificaron efectos negativos sobre o medio ambiente como consecuencia do desenvolvemento do PEID, no presente apartado se inclúen as medidas que se adoptaron para previr, reducir e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo para o medio ambiente que poida ser producido como consecuencia da aplicación do presente Plan, tomando en consideración os efectos sobre o medio ambiente.

FASE DE DESEÑO DAS ACTUACIÓNS

No deseño da implantación prevista seguiranse os criterios que favorezan e melloren a sustentabilidade ambiental.

- En relación ao recurso solo, sería desexable unha ocupación mínima do construído, racionalizando o programa de necesidades do equipamento.
- Canto ás emisións contaminantes, poderían incorporarse determinacións para que o edificio e as súas instalacións de climatización teñan limitada as emisións de CO₂.
- Manterase o acabado superficial das calzadas en perfecto estado para evitar a produción de ruídos motivados polo tráfico rodado.
- Evitaranse os pavimentos continuos impermeables no espazo libre, e en todo caso, poderanse incorporar xustificadamente, mais referíndose a percorridos internos ou pequenas superficies que non superen o 20% da superficie total.
- Realizarase o adecuado mantemento das redes de saneamento de fecais e pluviais, controlando en todo momento que as acometidas realizadas se executen da forma axeitada.
- As especies vexetais que se incorporen tanto no espazo libre, como no axardinamento de beirarrúas e aparcadoiros serán autóctonas, e preferentemente aquelas que poidan ser consideradas como vexetación potencial. Procurarase evitar así mesmo aquelas que puideran requirir dun alto mantemento, tanto no que respecta á limpeza do espazo público, como ás súas necesidades de rego.
- As zonas de aparcamento previsto permitirán dotar de prazas suficientes.
- Mellora de mobilidade existente, mediante a priorización do peón.
- Emprego de luminarias e deseño racional para reducir a contaminación lumínica.
- Manterase a rede de alumado público en correcto estado de funcionamento para evitar incidencia sobre medio ambiente.
- Estudaranse de forma axeitada os sistemas de rego das zonas verdes de xeito que se optimicen e minimicen os gastos de auga.
- As zonas verdes poderán incorporar determinacións sobre o consumo eficiente da auga ou no seu caso de reutilización.
- Potenciarase o uso de enerxías renovables. Terase en conta O Código Técnico da Edificación.

FASE DE CONTROL DAS OBRAS

- A maquinaria empregada cumprirá a normativa en materia de emisións e dispoñer de documentación acreditativa que o garanta.
- De ser necesaria a utilización de maquinaria pesada, limitarase o tránsito desta para reducir a compactación do terreo, evitaranse os vertidos de calquera tipo.
- Utilizaranse materiais xeolóxicos propios ós da zona.
- Os depósitos que se implanten serán estanco e estarán debidamente selados para evitar a súa filtración ás augas subterráneas.
- Nas actuacións que impliquen movementos de terras e eliminación de vexetación, se verificará previamente a presenza de especies exóticas invasoras, establecendo as medidas para a súa erradicación e control.
- A terra vexetal que se retire das zonas en obras se acumulará de forma adecuada para a súa posterior utilización nas labores de restauración. Despois das obras de urbanización restablecerase a capa vexetal no menor tempo posible.
- Reducirase o máximo o tempo que o solo estea sen cuberta vexetal para evitar fenómenos erosivos.

- Humectaranse as zonas en obras para evitar a produción de po en suspensión.
- Non se produciran queimas de ningún tipo.
- Deberá presentarse previo ó inicio das obras un plan de xestión de residuos de obra e presentaranse xustificantes do tipo e cantidade de residuos xerados, ante o organismo competente e as empresas de construción deberán estar inscritas no Rexistro xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia sempre que os residuos xerados o requiran.
- Antes do inicio das obras habilitaranse zonas adecuadas para o depósito dos materiais.

Asinado. O equipo redactor".

Láncara, 22 de febreiro de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0396

MEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Meira na sesión ordinaria celebrada o día 14 de febreiro de 2022 aprobou as bases do proceso selectivo para a contratación de catro (4) peóns de servizos múltiples en réxime de laboral temporal, polo sistema de concurso-oposición, ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos Concello 2022, programa de Fomento do Emprego.

De acordo coa Base 5ª das que rexen o procedemento selectivo, faise público dito proceso selectivo mediante anuncio da convocatoria no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de dez (10) días naturais para a presentación das instancias dende a publicación deste anuncio no BOP.

Meira, 23 de febreiro de 2022.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0398

MONTERROSO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o Orzamento para o exercicio económico de 2022 logo de ser desestimadas en sesión plenaria de data 22/02/2022 as alegacións presentadas o acordó inicialmente adoptado en sesión celebrada o día 28 de decembro de 2021, en cumprimento do que dispón o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 05 de marzo, faise público que dito Orzamento ascende, en Gastos a contía de EUROS 2.957.221,12 e en Ingresos, á cuantía de EUROS 2.957.221,12

TOTAL GASTOS 2.957.221,12 €

TOTAL INGRESOS 2.957.221,12 €

Correspondiendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, según o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cap. 1.- GASTOS DE PERSONAL	1.512.601,89
Cap. 2.- GASTOS EN BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS	1.166.969,97
Cap. 3.- GASTOS FINANCIEROS	880,00
Cap. 4.- TRANSFERENCIAS CORRIENTES	99.626,06
Cap. 6.- INVERSIONES REALES	140.000,00
Cap. 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
Cap. 8.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
Cap. 9.- PASIVOS FINANCIEROS	37.143,20
TOTAL GASTOS	2.957.221,12

ESTADO DE INGRESOS

Cap. 1.- IMPUESTOS DIRECTOS	718.930,28
Cap. 2.- IMPUESTOS INDIRECTOS	40.000,00
Cap. 3.- TASAS PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	476.674,60
Cap. 4.- TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.640.417,71
Cap. 5.- INGRESOS PATRIMONIALES	1.198,53
Cap. 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	80.000,00
Cap. 8.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
Cap. 9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL INGRESOS	2.957.221,12

Na referida sesión, tamén se acordou aproba-la plantilla desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

Monterroso, 23 de febreiro de 2022.- A ALCALDESA, Rocio Seijas Vázquez.

PLANTILLA DESTA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2022.**A/ FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

1.- FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER (1)

NS PRAZAS	CÓDIGO PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO	SUBGRUPO	SIT	NIVEL
1	PT01	Secretario Interventor	A	A1	0	28

2.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL (6)

2.1 SUBESCALA DE XESTIÓN (1)

NS PRAZAS	CODIGO PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO	SUBGRUPO	SIT	NIVEL
1	PT02	Tesoureira e Responsable Subvencións	A	A2	0	24

2.2.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA (2)

NS PRAZAS	CODIGO PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO	SUBGRUPO	SIT	NIVEL
2	PT16	Responsable de rexistro e apoio á secretaria.	C	C1	0	22
	PT04	Responsable de recursos humanos e apoio á intervención.	C	C1	0	22

2.3.- SUBESCALA AUXILIAR (3)

NS PRAZAS	CODIGO PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO	SUBGRUPO	SIT	NIVEL
1	PT29	Auxiliar "funcionarización"	C	C2	VD	15

3 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

3.1. SUBESCALA TÉCNICA (2)

Clase técnicos Superiores (1)

NS PRAZAS	CODIGO PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO	SUBGRUPO	SIT	NIVEL
1	PT03	Técnico en urbanismo (xtp)	A	A1	VD	21

3.1.2 Clase técnicos medios (1)

NS PRAZAS	CODIGO PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO	SUBGRUPO	SIT	NIVEL
1	PT07	Xefe unidade servizos sociais e axuda no fogar.	A	A2	0	24

3.2 SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS (1)

3.2.2 Clase persoal de oficios (1)

3.2.2.1 Categoría oficial (1)

NS PRAZAS	CODIGO PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO	SUBGRUPO	SIT	NIVEL
1	PT22	Encargado control servizos básicos municipais.	C	C2	0	18

B/ CADRO PERSOAL LABORAL FIXO

A-A2		TOTAL	1
NS PRAZAS	CÓDIGO PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	SIT
1	PT14	Mestre especialista en educación infantil	0
C-C1		TOTAL	3
NS PRAZAS	CÓDIGO PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	SIT
2	PT74	Técnico superior en educación infantil "a extinguir"	0
	PT75	Técnico superior en educación infantil "a extinguir"	0
1	PT73	Encargada biblioteca "a extinguir"	0

C-C2		TOTAL	05
IMS PRAZAS	CÓDIGO PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	SIT
1	PT76	Auxiliar OMIX "a extinguir"	0
1	PT27	Encargado de obras e servizos	0
3	PT37	Capataz prevención e emerxencias	0
	PT38	Capataz prevención e emerxencias	0
	PT39	Capataz prevención e emerxencias	0

AP		TOTAL	02
NS PRAZAS	CÓDIGO PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	SIT
2	PT70	Operario servizos múltiples-conductor	0
	PT71	Operario servizos múltiples-conductor	0

C/ CADRO PERSOAL LABORAL TEMPORAL

A-A2	TOTAL	3
NS PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA	
1	Edugador familiar	
1	Encargada ocioteca	
1	Mestra especialista educación infantil X.T.P.	

C-C1	TOTAL	1
NS PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA	
1	Técnico superior en educación infantil "a extinguir" X.T.P.	

C-C2	TOTAL	15
IMS PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA	
4	Auxiliar enfermaría	
	Auxiliar enfermaría	
	Auxiliar enfermaría	
	Auxiliar enfermaría	
1	Aux Cociñeiro "a extinguir"	
2	Capataz prevención e emerxencias	
8	Oficial prevención e emerxencias	
	Oficial prevención e emerxencias	
	Oficial prevención e emerxencias	
	Oficial prevención e emerxencias	
	Oficial prevención e emerxencias	
	Oficial prevención e emerxencias	
	Oficial prevención e emerxencias	
	Oficial prevención e emerxencias	

AP	TOTAL	11
NS PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA	
2	Conserxe-limpador	
	Conserxe-limpador	
2	Aux enfermería	
	Aux enfermería	

1	Conductor-axudante
1	Auxiliar cociña escola infantil (xtp)
1	Operario servizos múltiples-conductor
2	Operario servizos múltiples
	Operario servizos múltiples
2	Operario servizos múltiples (xtp)
	Operario servizos múltiples (xtp)

D/ CADRO PERSOAL EVENTUAL

Ningún.

RESUMO:

Número de funcionarios de carreira 08

Número de persoal laboral fixo 11

Número de persoal laboral temporal 30

Monterroso, 21 de febreiro de 2022.-A Alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 0399

POL*Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL**

O Pleno deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2022 acordou a aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

O referido acordo, a ordenanza e o resto do expediente están a disposición dos interesados na Secretaría municipal e a exposición público polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no Taboleiro de Anuncios deste Concello para exame e reclamacións. De non producirse reclamacións durante a exposición pública o acordo provisional entenderase elevado a definitivo e aprobada a ordenanza.

Pol, 21 de febreiro de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0400

QUIROGA*Anuncio*

Aprobada inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, de data 25 de febreiro de 2022, a modificación do anexo de investimentos do orzamento xeral de 2022 mediante a modificación consistente na substitución da actuación denominada "Reposición de mobiliario urbano", polo proxecto denominado "Dotación de infraestruturas de rede de telecomunicacións, baixa e media tensión e iluminación en vía pública urbana", imputable á mesma aplicación orzamentaria e polo mesmo importe, conforme ó previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ó público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio no BOP, ós efectos de reclamacións e alegacións; de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Quiroga, 25 de febreiro de 2022.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez

R. 0420

RÁBADE

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 1º bimestre do 2022.

Por Decreto da Alcaldía de data 22 de febreiro de 2022, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 1º bimestre do 2022, cuxo importe total ascende á cantidade de 93.314,04 € (noventa e tres mil trescentos catorce con catro) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 18 de febreiro do 2022 ó 29 de abril do 2022.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 22 de febreiro de 2022.- O ALCALDE, Francisco Fernández Montes.

R. 0401

RIOTORTO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 22 de febreiro de 2022, acordou aprobar os seguintes proxectos técnicos:

- “Mellora de accesos aos núcleos de Cruz, Ermida e Carbueiro”.
- “Mellora de accesos entre Chacín e Fonfría”.
- “Mellora de accesos nos núcleos de Eirexa, Valverde e Pereiro”.
- “Mellora de accesos en Courel e no campo de fútbol”.
- “Mellora de accesos en Praducelo e Galegos”.
- “Mellora de accesos aos núcleos de Ermida, Navallo e Chacín”.
- “Mellora de accesos en Pereiro”.
- “Mellora de accesos en Praducelo”.
- “Rede de saneamento do lugar Galegos- Riotorto (Fase I)”.

Así mesmo, acordouse expoñer ao público os citados proxectos polo prazo de vinte días hábiles, a contar dende o seguinte ao da inserción deste edicto no B.O.P. e no taboleiro de anuncios deste Concello.

De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

Riotorto, 23 de febreiro de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0402

SOBER*Anuncio*

Por resolución de Alcaldía de data de 22 de Febreiro de 2022, por existencia de crédito para concesión de subvencións destinadas a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rehabilitación integral (ARI) municipio de Sober, 7ª fase, correspondente ó Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan de Vivenda 2018-2021 según acordo da Comisión Bilateral celebrada o 01 de Decembro de 2021. Acordouse abrir un novo prazo para a presentación de solicitudes de axudas para obras de rehabilitación de vivendas, de 40 días naturais dende a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e de acordo coas bases publicadas no BOP da provincia de Lugo, de data de 17 de febreiro de 2016, de concesión de subvencións da área de rehabilitación integral (ARI), municipio rural de Sober (Lugo).

Sober, 22 de febreiro de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0403

O VALADOURO*Anuncio***BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 TÉCNICO FORESTAL) AO ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2022****PRIMEIRA.— OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN**

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de concurso-oposición, de 1 traballador (1 técnico forestal) para a realización de diversos traballos ó abeiro do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022.

As probas selectivas para o acceso ás convocadas seralles de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO LABORAL CONVOCADO

O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:

- Número e denominación dos postos: 1 técnico forestal
- Servizo de protección e mantemento de espazos naturais.
- Modalidade contractual: A modalidade de contrato de traballo temporal a tempo completo durante 7 meses, dende o 14 de marzo ata o 13 de outubro de 2022.
- Funcións:
 - 1 Técnico Forestal para o servizo de protección e mantemento de espazos naturais, traballos diversos tales como:
 - Traballos de planificación preventiva e valoración forestal.
 - Vixilancia do cumprimento do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, así como información aos cidadáns sobre cuestións relativas ao mesmo.
 - Protección e vixilancia do medio natural.
 - Control das actividades extractivas de madeira e reforestación e vixilancia do estado das vías municipais afectadas polas mesmas.
 - Tarefas de inspección, redacción de documentación e informes.
 - Tarefas de apoio á Oficina Técnica Municipal.
 - Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.
- Retribucións: As retribucións que correspondan segundo o Convenio Correspondente.

TERCEIRA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Tódolos requisitos así como os méritos alegados para o concurso, deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2. Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

3. Serán requisitos específicos:

o 1 traballador, técnico forestal :

o Debera estar en posesión do título de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Rural ou formación profesional equivalente.

o Celga 4 (non seu defecto deberá realizar unha proba de galego)

o Permiso de conducir clase B.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **tres (3) días HÁBILES** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

o Copia cotexada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.

o Copia cotexada do permiso de conducir esixido.

o Copia cotexada da titulación esixida.

o Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.

o Celga 4 ou deberán superar un exame de galego coa cualificación de APTO.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Non poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas que teñan prestado servizos no Concello do Valadouro con carácter temporal por un período de 17 meses nos últimos 24 meses, con independencia de que a relación laboral tivera ou non continuidade en dito período.

QUINTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterà:

- A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución
- A data, hora e lugar en que se realizará a proba práctica, valoración de méritos e, de ser o caso, proba de galego.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica.

2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 9ª.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

